

TAMÉN DARÁ UNHA CONFERENCIA NA UNIVERSIDADE DE CÁCERES

Jaureguizar na librería Orfeu

O escritor [Santiago Jaureguizar](#) falará sobre as relacións entre as literaturas galega e portuguesa este sábado na librería portuguesa Orfeu de Bruxelas (Bélxica) e trazará un panorama da narrativa que se está escribindo en Galiza o vindeiro luns na Universidade de Cáceres.

- 11:06 17/11/2004

A intervención de Jaureguizar na librería lusa de referencia en Bruxelas versará sobre a ínfima repercusión que a literatura galega acada en Portugal, malia o ricaz pasado común e as ligazóns culturais e lingüísticas. Os portugueses identifican a Camilo José Cela e Torrente Ballester coma puntais da literatura galega actual e, no máis optimista dos supostos, saben de Rosalía de Castro e de Manuel Rivas. Mantense unha idea da literatura moderna galega como unha literatura rural e costumista, malia que os xornais empezan a amosar interese por amosar a faciana cosmopolita e bo momento creativo do que goza a narrativa do noso país.

O Centro de Estudos Galegos da Universidade de Cáceres convidou a Jaureguizar ás xornadas A literatura galega contemporánea dende a perspectiva editorial. O escritor falará o luns sobre ¿De que falamos cando falamos de narrativa galega? debuxando o panorama dunha literatura ben desenvolventa e homologable á de calquera outro país no ámbito creativo, pero que enfrenta atrancos no plano práctico.